



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE
CASTRO PARA ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO E REFORMA DOS EDIFICIOS
ANEXOS Á CASA-MUSEO**

En Santiago de Compostela,

24 AGO. 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Anxo Angueira Viturro, na súa calidade de presidente da Fundación Rosalía de Castro - (en adiante Fundación), con CIF G15040850, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Fundación Rosalía de Castro configúranse como unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, na que o seu patrimonio se encontra afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. A Fundación Rosalía de Castro ten por principal obxectivo fomentar o coñecemento e a conservación da memoria de Rosalía de Castro, do seu esposo Manuel Martínez Murguía e dos seus fillos; promover o estudo, edición e divulgación da súa vida e obra, da Galicia do seu tempo e da súa influencia posterior a través do Centro de Estudos Rosalíanos, que ten a mesma sede que a Fundación; fomentar e difundir a lingua e a cultura galegas; conservar a Casa onde viviu e morreu Rosalía de Castro, a súa horta e xardín e os demais edificios que compoñen o conxunto da Casa-Museo de Rosalía...

Para conseguir os seus obxectivos a Fundación desenvolve actividades relacionadas coa escritora (publicacións, exposicións, concursos, actos literarios, etc). Dispón de centro de Estudos Rosalíanos que alberga os fondos documentais e persoal especializado a disposición ao que se lle pode consultar.

No ano 2017 e 2018 a Fundación ten previsto realizar actuacións de acondicionamento e reforma dos edificios anexos á Casa-Museo para preservalos e que as actividades da Fundación e as visitas á Casa de Rosalía poidan desenvolverse nas mellores circunstancias posibles.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

Este convenio ten por obxecto a realización de actuacións de acondicionamento e reforma dos edificios anexos á Casa-Museo Rosalía.

Actuacións:

Rehabilitación xeral da envolvente completa dos edificios anexos na traseira da Casa Museo Rosalía:

- Reacondicionamento da envolvente exterior (cubertas e carpinterías exteriores, canalóns e baixantes) do corpo de aseos, oficinas, arquivo, antiga casa Maruxa Villanueva e o edificio do auditorio.
- Reforma da planta baixa da antiga Casa Maruxa Villanueva, para dar acubillo ás novas oficinas da Fundación Rosalía.
- Rehabilitación integral dos antigos aseos abandonados como aseo accesible para persoas con mobilidade reducida.

Orzamento execución material: 73.026,58 €

5% dos gastos xerais: 3.651,33 €

6% de beneficio industrial: 4.381,59 €

Total: 81.059,50 €

21% IVE: 17.022,50 €

Total orzamento contrata: 98.082,00 € IVE incluído

Honorarios de proxecto e dirección facultativa: 18.114,05 €

21% IVE: 3.803,95 €

Total honorarios: 21.918,00 € IVE incluído

Total orzamento obra: 98.082,00 €

Total honorarios: 21.918,00 €

Total investimento: 120.000,00 € IVE incluído




De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece coa Fundación Rosalía de Castro, única con estas características que necesita do acondicionamento e reforma para que as actividades da Fundación e as visitas á casa se desenvolvan nas mellores circunstancias.

Por todo o anterior é a Fundación Rosalía de Castro a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Rosalía de Castro



A Fundación Rosalía de Castro comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.



De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.



De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.



A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 120.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1 (código de proxecto 2015 00372), coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2017: 60.000 €

Anualidade 2018: 60.000 €

Esta cantidade, 120.000 € (distribuída en dúas anualidades), trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Pagamentos a conta: poderán realizarse pagamentos á conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas. O importe dos pagamentos á conta non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificandos, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Neste suposto o beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida será a seguinte:



Para a anualidade 2017 o 22 de decembro de 2017

Para a anualidade 2018 o 20 de abril de 2018

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actuación, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - ✓ As certificacións de obra.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia e no Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actuación subvencionada.

De acordo co disposto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as actuacións obxecto do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da súa realización por parte dos servizos técnicos da Xunta de Galicia.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente da Fundación.

SEXTA.- Causas de resolución

Q incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando

concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Rosalía de Castro acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Xurisdición



En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga as partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.


O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González

O presidente da Fundación
Rosalía de Castro


Anxo Angueira Viturro